



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 31 de xaneiro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2018.
2. Proponse a adxudicación do contrato de obras de “Mellora da accesibilidade á piscina municipal de Marín” á empresa Oresa S.L., incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra.
3. Proponse a adxudicación do contrato de obras de “Reposición de pavimentos no rural de Marín 2017” á empresa Construcciones E. C. Casas, S.L., incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, da Deputación de Pontevedra.
4. Apróbase o expediente de contratación para a prestación do servizo de bar-restaurante no edificio público municipal situado na praia de Portocelo como contrato administrativo especial.
5. Dáse conta da publicación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, da Consellería de Política social, entre elas o Concello de Marín, para o cofinanciamento de programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante, por importe de 20.889,00 euros e á inclusión social da comunidade xitana por importe de 19.479,19 euros.
6. Apróbase a memoria descritiva e solicítase subvención con cargo á liña 3 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra, por importe de 106.004,16 euros.
7. Solicítase subvención para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por importe de 54.162,18 euros, con destino ó financiamento das obras de “Pavimentación e mellora do vial Camiño de Raposeiras”.
8. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión, por concorrencia competitiva, de préstamos sen xuros a municipios da provincia de Pontevedra para o ano 2018, da Deputación Provincial.
9. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de enerxías renovables para o ano 2018, do Instituto Enerxético de Galicia.
10. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a concellos declarados municipios turísticos ou xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro do ano 2018, da Axencia Turismo de Galicia.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027CF400O6F1P4T3Y7H8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190163060
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 21/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/02/2019 09:46:44	Fecha: 21/02/2019 Hora: 09:46